



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social

Materia	Intervención socioeducativa na infancia e adolescencia en situación de risco social			
Código	O05G130V01501			
Titulación	Grao en Educación Social			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 3	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Didáctica, organización escolar e métodos de investigación			
Coordinador/a	Fernandez Rodicio, Clara Isabel			
Profesorado	Fernandez Rodicio, Clara Isabel			
Correo-e	cirodicio@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Cando se produce algunha situación que dificulta ou inhibe o desenvolvemento integral do menor estamos falando dunha situación de risco. Normalmente estas situacións danse no mesmo contorno do menor, pero situacións estruturadas e sociopolíticas tamén inciden negativamente neste grupo de poboación. Coñecer os factores que xeran situacións de risco para a infancia e a adolescencia, os indicadores que permitan identificalos e as repercusións que éstas teñan nos menores que as sufran, convírtese nun ámbito suficientemente amplo e complexo, no que o Educador Social ha de intervenir.			

## Competencias de titulación

Código	
A1	Integrar criticamente os supostos teóricos, filosóficos, históricos, sociolóxicos, psicolóxicos, pedagóxicos, culturais, políticos, legislativos que están na base dos procesos de intervención socioeducativa
A4	Analizar e diagnosticar a realidade complexa que fundamenta o desenvolvemento dos procesos socioeducativos
A5	Coñecer os fundamentos do deseño e uso dos medios, recursos e estratexias para a intervención socioeducativa e incorporalos nos diferentes ámbitos de acción socioeducativa
A6	Comprender a traxectoria da educación social e a configuración do seu campo e identidade profesional, a nivel comunitario, estatal, europeo e internacional
A8	Potenciar estruturas e procesos de participación e acción comunitaria, aplicando programas e técnicas de intervención (dinámica de grupos, motivación, negociación e promoción da asertividade...)
A10	Desenvolver programas e proxectos no ámbito da educación especializada (menores, necesidades educativas especiais, centros de saúde, condutas adictivas, institucións penitenciarias, e persoas e colectivos en risco de exclusión...)
A12	Deseñar, aplicar e avaliar programas e estratexias de intervención socioeducativa no ámbito do desenvolvemento comunitario e cooperación ao desenvolvemento
A15	Deseñar, aplicar e avaliar programas para a inserción social e laboral
A16	Elaborar e interpretar informes técnicos, de investigación e avaliación sobre accións, procesos e resultados socioeducativos
A20	Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socioeducativas
A21	Asesorar e/ou acompañar a persoas e/ou grupos en procesos de desenvolvemento socioeducativo
A22	Estar comprometido coa calidade de actuación e moverse de acordo cos principios deontolóxicos do/a educador/a social
B1	Capacidade de análise e síntese
B2	Planificación e organización
B5	Xestión da información
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B7	Dominio de metodoloxías e técnicas educativas, dinamizadoras de asesoramento e orientación
B8	Capacidade crítica e autocrítica

B10	Recoñecemento e respecto de a diversidade e multiculturalidade
B11	Habilidades interpersoais
B12	Compromiso ético
B14	Adaptación a situacións novas
B15	Creatividade
B16	Liderado
B19	Compromiso coa identidade, desenvolvemento e ética profesional
B20	Orientación á calidade

### Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
1.Coñecer, analizar e indagar sobre a realidade social e educativa.	A4 A5	B1
2.Deseñar,organizar, por en práctica e avaliar programas de intervención socio-educativa para minimizar as dificultades sociais	A10 A12	B2 B5
3.-Asesorar na elaboración e aplicación de plans, programas, proxectos e actividades socio-educativas e de compensación	A15 A20 A21	B7 B8 B12 B19
4.-Favorecer o desenvolvemento comunitario e socio-educativo	A8 A22	B11 B12 B14 B15 B16 B19 B20
5.-Analizar e diagnosticar a realidade social e as dificultades sociais como base que fundamenta o desenvolvemento de accións e iniciativas socio-comunitarias e educativas.	A4 A20	B2 B6 B8 B10 B11 B12 B14 B15 B16
6.-Adquirir e comprender os coñecementos teóricos e os recursos instrumentais e metodolóxicos precisos para o desenvolvemento exitoso da intervención socio-educativa na infancia e adolescencia en dificultades sociais	A5 A6 A8	B2 B5 B8 B11 B12
7.- Formar a un profesional para actuar no ámbito da intervención socio-educativa que sexa capaz de dar resposta a realidades diversas desta sociedade actual	A1 A4 A16 A22	B1 B2 B6 B8 B11 B12 B15 B19

### Contidos

Tema	
1.-Conceptualización da infancia e adolescencia en dificultades sociais	1.1.-A infancia e a adolescencia en risco na sociedade da globalización e do coñecemento 1.2.-Dereitos e necesidades da infancia e adolescencia 1.3.-Evolución do concepto de infancia e adolescencia 1.4.-A aparición de condutas de risco 1.5.-Concepto de inadaptado e desadaptado, marxinación e prevención
2.-Escenarios da infancia e adolescencia en dificultade social	2.1.-A rúa 2.2.-A familia 2.3.-O sistema educativo 2.4.-O sistema de protección

3.-Diferentes tipoloxías de infancia e adolescencia en dificultades sociais	3.1-Maltrato na infancia e adolescencia 3.2-Situacións de desprotección na infancia e a adolescencia 3.3.-Aspectos xurídicos da protección na infancia e a adolescencia 3.4.-Detección e notificación nas situacións de desprotección na infancia e adolescencia 3.5-Prevención do maltrato na infancia e adolescencia
4.-Recursos de intervención en protección infantil	4.1-O acollemento familiar 4.2-O acollemento residencial 4.3-A adopción como alternativa familiar
5.-Estratexias de intervención socioeducativa en xoves e adolescentes con dificultades sociais	5.1-O Tránsito á vida adulta
6.- Deseño, desenvolvemento e avaliación de programas de intervención socioeducativa na infancia e a adolescencia	6.1-Avaliación do contexto e necesidades 6.2.-Deseño do Programa 6.3.-Implementación 6.4.-Avaliación do programa

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballos de aula	7.5	15	22.5
Presentacións/exposicións	0.5	3	3.5
Foros de discusión	0	5	5
Titoría en grupo	3	6	9
Estudo de casos/análises de situacións	18	0	18
Sesión maxistral	15	30	45
Traballos e proxectos	0	30	30
Probas de tipo test	2	0	2
Estudo de casos/análise de situacións	0	15	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Estudo de casos/análises de situacións	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipóteses, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticarlo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. O estudante ou o grupo presenta o resultado obtido na elaboración do programa a desenvolver sobre a temática da materia, ou mesmo formula cuestións sobre os atrancos que poden xurdir durante o proceso
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. O estudante ou o grupo presenta o resultado obtido na elaboración do programa a desenvolver sobre a temática da materia, ou mesmo formula cuestións sobre os atrancos que poden xurdir durante o proceso

### Avaliación

	Descrición	Cualificación
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.	15

Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	10
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.	5
Estudo de casos/análises de situacións	Proba na que se presenta unha situación ou problemática xa dada ou que pode darse, partindo dos diferentes factores involucrados, a análise dos antecedentes, condicións, da situación, etc.	20
Traballos e proxectos	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	20
Probas de tipo test	Probas para avaliación das competencias adquiridas que inclúen preguntas pechadas con diferentes alternativas de resposta (verdadeiro/falso, elección múltiple, emparellamento de elementos...). Os alumnos seleccionan unha resposta entre un número limitado de posibilidades.	30

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Nota: As cualificacións do cadro precedente aparecen expresadas en porcentaxes

#### **AVALIACIÓN ALUMNADO PRESENCIAL**

Para superar a materia será necesario, acadar como mínimo o 50% da puntuación nas seguintes probas:

- 1.-Traballos e proxectos+presentacións/exposicións (Necesario obter un mínimo de 1,5 puntos)
- 2.-Estudo de casos/análise de situacións (Necesario obter un mínimo de 1 punto)
- 3.-Proba tipo test modalidade A (Necesario obter un mínimo de 1,5 puntos)
- 4.-Traballos de aula+Foro de discusión (Necesario obter como mínimo 1 punto)

Son criterios sumativos entre sí e nunca se poderá sumar se nalgún deles non se consegue o mínimo establecido.

#### **AVALIACIÓN ALUMNADO NON PRESENCIAL**

A avaliación deste alumnado farase de igual xeito que a do alumnado presencial, agás nas probas de Traballos de aula e presentacións/exposicións, sendo incrementada a puntuación correspondente destas á do tipo test. É dicir, para superar a materia haberá que acadar como mínimo o 50% da puntuación nas seguintes probas :

- 1.-Traballos e proxectos (necesario obter un mínimo de 1 punto)
- 2.-Estudo de casos/análise de situacións (necesario obter un mínimo de 1 punto)
- 3.-Proba tipo test Modalidade B (necesario obter un mínimo de 2,75)
- 4.-Foro de discusión (Necesario obter un mínimo de 0,25)

Son criterios sumativos entre sí e nunca se poderá sumar se nalgún deles non se consegue o mínimo establecido.

#### **IMPORTANTE:**

-Todos os alumnos/as que non acaden unha asistencia aproximada a un 70%-80% das clases teóricas-prácticas pasarán automaticamente á forma de avaliación non presencial.

-A fórmula a aplicar na proba tipo test será:  $P=A-(E/n-1)$ , onde P=puntuación, A= acertos, E=erros, n=nº de alternativas de resposta. Haberá 3 alternativas de resposta, sendo só unha delas a correcta.

-As actividades teóricas e prácticas poderán ser realizadas polo alumnado asistencial individualmente ou en grupo (máximo de 4-6). O alumnado non asistencial realizará as actividades de xeito individual.

#### **SEGUNDA CONVOCATORIA XULLO**

Conservaranse as cualificacións das probas superadas en xuño, tendo que examinarse só das partes non superadas.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

---

- AAVV (2000), "**Adolescentes y Jóvenes en Dificultad Social**", **Revista de Estudios sociales y de sociología aplicada**, **120**, (Monográfico), Cáritas Española,
- AAVV (2010), "**Infancia y adolescencia en Dificultad Social**", **Pedagogía Social**, **17**, (Monográfico), UNED,
- Alsinet, C. y Balsells, M.A. (2011), **Infancia y adolescencia en riesgo social**, Milenio,
- Balsells, M.A., Del Arco, I. y Miñambres, A. (2009), **La infancia en situación de riesgo social y sus familias**, Ed. París,
- Barudy, J. (1998), **El dolor invisible de la infancia**, Paidós,
- Barudy, J. y Dantagnan, M. (2007), **Los buenos tratos a la infancia**, Gedisa,
- Benítez, M.T., Languín, A. y Sánchez, M. (2000), **Programa de atención al niño en situación social de riesgo**, Díaz de Santos-ayuntamiento de Madrid,
- Brazelton, T. y Greenspan, S. (2005), **Las necesidades básicas de la infancia. Lo que cada niño o niña precisa para vivir, crecer y aprender**, Graó,
- Calatayud, E. (2009), **La educación de los jóvenes: Una tarea social compartida**, Fundación Ecoem,
- Cantón, J. y Cortés, M. (2003), **Guía para la evaluación del abuso sexual infantil**, Pirámide,
- Casado, J., Díaz, J.A. y Martínez, C. (1997), **Niños maltratados**, Díaz de Santos,
- Colás, A. (2011), **Derecho penal de menores**, Tirant lo Blanch,
- Fernández, J.M., Hamido, A. y Fernández, M. (2008), **El Educador Social de menores. Cuaderno de aprendizaje.**, Pirámide,
- García Barriocanal, C., Imaña, A. y De la Herrán, A. (2007), **El Acogimiento Residencial como medida de protección al menor**, Defensor del menor en la Comunidad de Madrid,
- García, N. y Noguerol, V. (2007), **Infancia maltratada. Manual de intervención**, Pirámide,
- Gómez, E. (2002), **Guía para la atención al maltrato infantil**, Servicio de Publicaciones Universidad de Cantabria,
- González, E. (coord.) (2001), **Menores en desamparo y conflicto social**, CCS,
- López, F. (2010), **Necesidades en la infancia y en la adolescencia**, Pirámide,
- Martín Hernández, J. (2005), **La intervención ante el maltrato infantil. Una revisión del sistema de protección**, Pirámide,
- Martín, J. (2009), **Protección de menores. Una institución en crisis.**, Pirámide,
- Melendro, M. (dir.) (2007), **Estrategias educativas con adolescentes y jóvenes en dificultad social. El tránsito a la vida adulta en una sociedad sostenible**, UNED,
- Melendro, M. (2009), **El tránsito a la vida adulta de los jóvenes en dificultad social. Estrategias flexibles de intervención socioeducativa**, UNED,
- Ochoterena, J. y Arruabarrena, M.I. (2001), **Manual de protección infantil**, Masson,
- Rodríguez, F.J. y Becedóniz, C. (Coords.) (2007), **El menor infractor. Posicionamiento y realidades**, Principado de Asturias,
- Ruiz, M.V. y Martín, M.S. (2008), **Adolescentes en riesgo social. Prevención e intervención**, Comunidad de Madrid- Consejería de Familia y Asuntos Sociales,
- Sáinz-Cantero, M.B. y Pardo, E. (2010), **Régimen jurídico de los centros de protección y reforma de menores**, Comares,
- Sanmartín, J. (Coord.) (2008), **Violencia contra niños**, Ariel-Centro Reina Sofía para el estudio de la violencia,
- Suárez, J.M. (1999), **Historia dos dereitos da infancia**, Xunta de Galicia,
- Tarín, M. y Navarro, J.J. (2006), **Adolescentes en riesgo. Casos prácticos y estrategias de intervención socioeducativa.**, CCS,
- Urza, J. (2010), **Adolescentes en conflicto. 53 casos reales.**, Psicología. Pirámide,
- Vélez de Medrano, C. (2008), **Intervención educativa y orientadora para la inclusión social de menores en riesgo**, UNED,
- 

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Diagnóstico e análise de necesidades socioeducativas/O05G130V01303

Intervención socioeducativa para a inclusión social/O05G130V01405

---